

DEFINICIÓN

O psicólogo ou psicóloga en Orientación e Intervención Sociolaboral informa, asesora e traballa, de xeito personalizado e continuo coa persoa, no seu proxecto de vida activa cara á súa inserción e o seu desenvolvemento profesional, sempre respectando a súa autonomía.

Elabora e propón accións de acompañamento profesional coa finalidade de favorecer tanto a adquisición de competencias sociolaborais, como a súa inserción profesional e o desenvolvemento da carreira.

Ditas accións sempre se realizarán atendendo á diversidade e ás necesidades específicas que a calquera persoa lle poidan xurdir ao longo do seu itinerario vital.

A súa vez asesora ás organizacións públicas e privadas nas áreas de recrutamento, formación e recolocación e realiza procesos de avaliación e de selección de persoal se a empresa ou a entidade o solicita.



ÁREAS DE COÑECEMENTOS DE ACCESO Á PROFESIÓN

- Coñecementos de psicoloxía xeral.
- Coñecementos en psicometría e métodos de investigación social.
- Coñecementos en psicoloxía do traballo, das organizacións e dos RR.HH.
- Coñecementos en psicoloxía vinculados coa relación de axuda.
- Coñecementos en psicopsicología aplicada.
- Coñecementos en psicoloxía de intervención con colectivos con diversidade funcional e social ou necesidades específicas.



ÁMBITOS ACTUAIS E/OU POTENCIAIS NOS QUE SE EXERCE A PROFESIÓN DE PSICÓLOGO OU PSICÓLOGA EN ORIENTACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOLABORAL

- Administracións públicas (autonómicas, locais...).
- Consultoras de recursos humanos e recolocación.
- Axencias de colocación.
- Empresas de traballo temporal.
- Asociacións de colectivos específicos (persoas con diversidade funcional, minorías étnicas, ex reclusas, inmigrantes, refuxiadas, doentes crónicos...).
- Centros de formación.
- Universidades.
- Oficinas de emprego.
- Exército.



Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

D.L. C 820-2017



PSICOLOXÍA NA ORIENTACIÓN SOCIOLABORAL

Colexio Oficial de Psicología de Galicia

**SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO
E DAS ORGANIZACIÓNS**

Grupo de Traballo sobre Orientación Sociolaboral:
Avaliación, Desenvolvemento de Carreira,
Counseling e Intervención

COMPETENCIAS E FUNCIÓNS QUE PODE OFRECER UN PSICÓLOGO OU PSICÓLOGA EN ORIENTACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOLABORAL

A. COMPETENCIAS FUNDAMENTAIS

Dominio para diagnosticar e avaliar

A diagnose psicolóxica ten como fin analizar e describir as características individuais e especificar a súa contorna sociocultural. A diagnose e a avaliación psicolóxica realízase a través das entrevistas, de tests ou de cuestionarios.

Dominio de técnicas de psicoloxía

Coas competencias necesarias para o desenvolvemento de funcións como: coñecer a relevancia das variables psicolóxicas que condicionan a procura de emprego, dispor de coñecementos, habilidades e destrezas suficientes para diagnosticar nas persoas usuarias necesidades de atención psicolóxica e dispor de coñecementos, habilidades e destrezas do ámbito da psicoloxía que permitan a intervención coa persoa usuaria.

Dominio da relación de axuda, counseling...

A través dunha relación de confianza, a acción de axuda esixe facilitar á persoa usuaria o establecemento dun plan de acción e un proceso sistemático e axeitado que favoreza a consecución de obxectivos. Trátase de comprender a demanda explícita e moitas veces implícita da persoa usuaria, de fixar en colaboración con el os obxectivos coherentes e de asegurar a posibilidade da posta en acción a través da resolución de problemas e toma de decisións.

Dominio das técnicas de entrevistas

A súa finalidade é ofrecer á persoa usuaria os medios para construír un punto de vista sobre o conxunto da súa situación profesional pero tamén persoal, axudar a realización de proxectos. Empréganse metodoloxías psicolóxicas de diversos modelos (estruturadas, non estruturadas, semiestruturadas...).

Dominio das técnicas para o desenvolvemento de carreira

O desenvolvemento de carreira consiste no proceso continuo de xestión da aprendizaxe, do traballo e dos períodos de transición coa fin de progresar cara a un destino escollido. As decisións que se toman a diario –como utilizar o tempo e as prioridades que se fixan– inflúen no desenvolvemento de carreira. O desenvolvemento de carreira é moito máis que os empregos que un ten por obxectivo, determina a maneira como unha persoa usuaria quere vivir a súa vida tamén.



A Resolución da Unión Europea de 21 de novembro de 2008 define a Orientación como “un proceso continuo que permite aos cidadáns/ás, a calquera idade e ao longo da súa vida, determinar as súas capacidades, as súas competencias e os seus intereses, tomar decisións en materia de educación formación e emprego e xestionar o percorrido da súa vida persoal no que respecta á educación e a formación, no traballo e noutros marcos nos que é posible adquirir ou utilizar estas capacidades e competencias. A orientación inclúe actividades individuais ou colectivas de información, de consultas, de avaliación de competencias, de apoio e de ensinanza das competencias necesarias para a toma de decisións e para a xestión da carreira”.

MOBILIDADE DO PSICÓLOGO OU PSICÓLOGA EN ORIENTACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOLABORAL

O psicólogo ou psicóloga en Orientación e Intervención Sociolaboral é susceptible de mobilidade profesional cara ás seguintes profesións:

Técnico de Formación, Técnico de Desenvolvemento de Carreira, Técnico de Outplacement, Técnico de Selección, Técnico de RR.HH. e Desenvolvemento Organizacional...



B. COMPETENCIAS COMPLEMENTARIAS

Acompañar

Competencias de acompañar ao usuario/a, desde unha perspectiva de autonomía progresiva, ata a realización do seu proxecto profesional, de formación, de reorientación, de inserción ou de reconversión.

Deseñar e propor módulos formativos e programas de inserción laboral

Competencias de deseñar e animar cursos ou obradoiros grupais que teñan como obxectivo o desenvolvemento de certas competencias profesionais ou persoais das persoas usuarias e tamén coñecer os elementos básicos dun programa de inserción laboral, deseñar programas ou adaptar os existentes ás características específicas dos usuarios/as, ter a capacidade de implantalos adecuándoos ás súas características e saber avaliar ditos programas.

Investigar

Competencias para analizar resultados de investigacións diversas, competencia, se cómpre, para participar en investigacións sobre cuestións relacionadas coa praxe coa axuda de métodos de investigación social.

Comunicar

Competencias para presentar os diferentes campos de actividade da orientación a un público diverso de xeito presencial e/ou virtual e participar cando se solicite nos foros de actualidade sobre áreas profesionais que teñan certas sinerxias coa actividade da orientación.

Guiar un proxecto

Competencias para guiar proxectos en relación coa nosa área profesional.

